


Tod@s sabemos "de corrido" os beneficios da lectura. Son innegabeis. Pero non a convirtas nas vacacións nunha obriga para @s teus/túas nen@s. Aproveita algún tempo de lecer para ler ao seu lado, para ler con el@s, para lerlles e que te lean. Desfrutade xunt@s de seleccionar as lecturas, de comentalas, de levalas con vós de paseo, no coche, na praia, no parque, na horta, na cama. Sen compromisos, sen obrigas, só polo pracer de saborear cada verba, cada ilustración, cada imaxe."Se ti les, el@s len". Cada día, un anaquiño de LECTURA. Pídete un libro por disfrutar con el@s. Visita con el@s a Biblioteca Municipal. Intercambia libros cos/as amig@s. Pídelle a el@s que te lean. Lelles ti ...

No verán,

NON LLE DEAS VACACIÓNS Á LECTURA



Coma sempre...



un bo

libro

e unhas lectoras

vacacións.

<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356>

**DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"**



**MAMASES,PAPASES,
PROF@S e demais adult@s:**

**PENSANDO
NESTE VERÁNDE
2015**

...que tod@s pensades
disfrutar ...



© Beth Wilson 2013

... o rato gordecho e máis eu saímos buscar o millor alimento fresquiño e saboroso para que as vosas neuronas non só naden na praia:

LECTURA!!!

POESÍA

- **Os privilexios dos somnámbulos-Pablo Bouza-Alvarellos:** Amor e morte, vida e soño, medo e esperanza, na poesía deste fenés afincado en Culleredo. Para as noites curtas de verán e longas de insomnio.




- **Podería facerlle pis enriba e outros poemas escritos por**

gatos-Lata de sal: Quen conviva con estes pequenos felinos, disfrutará desta poesía escrita "por gat@s" e non poderá evitar, tan sequera,

sorrir.



BANDA DESEÑADA



- **A b a s t o s - V V A A - 3Pintamonas:** A realidade cotiá, social, económica, humana, confluindo na praza de abastos de Compostela. Complétase con recetas do restaurante (taberna, galpón e loxe) Abastos2.0

- **Castelao. Atila-Inacio e**

I. Suárez-Demo: Nova entrega da serie Castelao, correspondente á época na que debuxou o seu álbum de estampas Atila en Galicia.




- **O bichero-**

Davila: Para escachar de risa cunha realidade que fai chorar.

NARRATIVA

- **Cabalos e lobos-**

Fran Lorenzo-Xerais: Paula relata para o seu fillo as lembranzas que lle farán entender quen é a súa familia. Misterio, guerra, amor prohibido, fascismo, nacismo, mentiras, suicidio e silencios con Vigo coma telón de fondo.



- **A música dos seres vivos-Mª Reimóndez-Xerais:** Nova novela do Ciclo dos Elementos (Terra) desta incansable autora e activista polos dereitos das mulleres.



- **Cegoñas no fondo da ría-M. Lourenzo-Urco:** 25 relatos a xeito de artigos (atopocronías) mestura de fantasía, realidade, mitoloxía... dende a pesca de sereas a santos republicanos

e Elvis Presley nas festas da Peregrina. Para paladear sen présa. Tamén podes lelo en rede: <http://pontevedraviva.com/xornalista/manuel-lourenzo-gonzalez/?p=1>

E...para ESCOITAR

- **Tronzando valos-SÉS:** O último desta cantautora galega que non deixa de sorprenden, tanto coa súa voz coma coas súas letras.



- **Bicos con luvas-Coanhadeira:** Neste álbum, o grupo ourensán mestura jazz e folk, sofisticación e tradición.



- **Rústica-VV-Fol Música:**

Arranxos orixinais para a nosa tradición popular con catro grandes do panorama musical galego. David Salvado, Cristina Pato, R. Comesaña e Anxo Pintos.

